



## NORMAS E DOCUMENTACIÓN PARA A INSCRICIÓN CAMPAMENTO URBANO MALPICA 2021

### DOCUMENTACIÓN PRECISA:

- 1.- Ficha de inscrición correctamente cuberta.
- 2.- Fotocopia do libro de familia.
- 3.- Fotocopia da cartilla da seguridade social do usuario.
- 4.- Fotocopia do DNI das/os titoras/es legais.
- 5.- Documentación acreditativa da/o titora/r da custodia (no caso de que proceda).
- 6.- 1 fotografías tamaño carné.
- 7.- Informe psicopedagóxico para o caso de nenas/os con necesidades educativas especiais.
- 8.- En caso de que a/o menor teña prescrito tratamento médico susceptible de ter que administralo durante a actividade, necesítase folla actualizada onde consten as pautas de medición e a sinatura da/o profesional co número de colexiada/o.
- 9.- No caso de administrarse medicación no centro. Autorización das/os nais/pais e/ou titoras/es legais para a administración da medicación.
- 10.- En caso de que as/os participantes que padezan alerxias coñecidas (alimentarias, insectos, crisis respiratorias, etc.) intolerancias alimentarias ou calquera outro padecemento físico ou psíquico, deberán comunicalo por escrito no momento da inscrición.

### CRITERIOS DE ADMISIÓN:

Para rapaces/as que **cumpran** os requisitos de acceso o día de inicio da actividade:

A admisión realizarase por rigorosa orde de solicitude, entenderase realizada no momento de completar toda a documentación requirida.

#### **Prazo de inscrición:**

**En horario de 10.00 a 13.00 h. do 26 de xullo ata o 30 de xullo**, ambos inclusive no Departamento de Servizos Sociais no Centro Cívico.

Cada persoa só poderá cubrir **unha** inscrición por crianza ao día, agás aquelas/es solicitantes que teñan máis dun fillo para o que soliciten praza.

Pasado o prazo de matriculación, no caso de quedar prazas vacantes, poderán admitirse novas solicitudes ata cubrir todas as prazas ofertadas.

Para crianzas que **non cumpran** os requisitos de idade mínima o día de inicio da actividade:

**As solicitudes tramitaranse ao día seguinte de cumprir a idade mínima sempre que tiveran feita a solicitude. A realización da solicitude en ningún caso da dereito a reserva de praza mentres non se cumpran os requisitos xerais.**

**CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS E PROMOCIÓN ECONÓMICA.  
CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS**